

## **Os socialistas de Ribeira de Piquín, en resposta aos veciños de Santalla, esixen ao alcalde que repare os sumidoiros do pobo**

Malia que as familias residentes en dita localidade levan agardando máis de tres anos por unha solución por parte do Goberno local, a situación agravouse dende o comezo do inverno, xa que cada día que pasa a rede de abastecemento está máis atascada e é totalmente imposible que as tubaxes que recollen as augas residuais evacúen

O feito de que alcaldía non soluciona un problema que foi alertado en reiteradas ocasións, provoca que “a situación dalgún veciño sexa desesperante” e “pon en risco a saúde das familias do lugar”

**RIBEIRA DE PIQUÍN, 8 DE XANEIRO DE 2015.-** Os socialistas de Ribeira de Piquín, en resposta aos veciños de Santalla, esixen ao alcalde deste municipio que arranxe os sumidoiros desta localidade. O grupo municipal do PSOE realiza esta petición debido a que as familias residentes en dita localidade levan agardando máis de tres anos por unha solución por parte do Goberno local; unha solución din que “nin se proporcionou, nin tampouco se adoptou ningunha medida”, precisa o voceiro socialista –Roberto Fernández-.

A situación, malia que persiste dende hai tempo, agravouse dende o comezo do inverno, xa que cada día que pasa a rede de sumidoiros está máis atascada e é totalmente imposible que as tubaxes que recollen as augas residuais evacúen. Deste xeito, as familias máis afectadas son as que residen na parte máis baixa do lugar. Nesta zona, as tapas das arquetas de rexistro están levantadas a consecuencia da presión das auga; o que provoca que a auga circule polo medio do pobo, cando debería de facelo polos condutos subterráneos, pero que, na actualidade, tamén están en moi mal estado.

O feito de que alcaldía non soluciona un problema que foi alertado en reiteradas ocasións, provoca que “a situación dalgún veciño sexa desesperante” e “pon en risco a saúde das familias de Santalla”. Por todo elo, dende o grupo municipal socialista reclaman ao concello que solucione este problema que xa se puxo en coñecemento da alcaldía hai máis de tres anos. “Pedímoslle ao rexedor que deixe de centrarse en solucionar temas persoais e que solucione, sen demorarse máis, situacións coma esta, que teñen que ser soportadas día tras día polos veciños”, conclúe.